

ACTA N.º 2023/2

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

- 28 de febreiro do 2023 -

En data 28 de febreiro do 2023, senso as 20:28 horas, reúnen-se na Casa Consistorial do Concello de Cerdido os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do Secretario en réxime de acumulación co obxecto de celebrar en primeira convocatoria a Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

Preside: Benigno Galego Castro.

Asisten: Cándido Eusebio Preto Lago, Rocío Martínez Martínez, Marina Tojeiro Martínez, Cristian Carrodegua Graña, Patricia Santalla Pérez, David Prada Aneiros, Alberto Javier Rey Paz e María Amalia Díaz Rodríguez.

Secretario-Interventor: Manuel Larrosa Rodríguez.

Constátase a presenza dos membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o Alcalde, Benigno Galego Castro como Presidente declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

PARTE DISPOSITIVA

Primeiro.- Aprobación se procede das actas das sesións do Pleno de Cerdido reunido os días 30/12/2022 e 09/02/2023.

Sometida a votación a acta da sesión plenaria celebrada en data 30 de decembro do 2022, é aprobada por unanimidade.

Sometida a votación a acta da sesión plenaria celebrada en data 9 de febreiro do 2023, é aprobada por unanimidade.



Segundo.- Dar conta das Sentenzas do Xulgado contencioso-administrativo núm. 1 de Ferrol, Procedemento abreviado 0000368/2021 e Procedemento abreviado 0000367/2021.

Dase conta da firmeza recaída na Sentenza recaída no P.O. 0000367/2021 de 26-09-2022 do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ferrol que no Fallo declara :

SE ESTIMA el recurso contencioso administrativo interpuesto por Dn. Diego Rodríguez Piñón contra la desestimación por silencio administrativo de Decreto de la Alcaldía del Concello de Cerdido de 2 de agosto de 2021 y del recurso de reposición interpuesto contra el Decreto de 1 de junio de 2021 que se anulan por no ser conformes a derecho, **SE RECONOCE** el derecho a percibir por el recurrente el complemento de productividad aprobado para el año 2021 desde el mes de mayo de 2021 y durante el resto del año 2021 con todos los efectos favorables condenando al Concello a su abono y al pago de las costas por honorarios de letrado y con el límite máximo de 400 € por todos los conceptos incluido el IVA, en su caso.

Tamén dase conta da Sentenza recaída no P.O. 0000368/2021 de 26-09-2022 do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ferrol que no Fallo declara :

SE ESTIMA el recurso contencioso administrativo interpuesto por Dna. Paula Díaz Tíe contra la desestimación por silencio administrativo de Decreto de la Alcaldía del Concello de Cerdido de 2 de agosto de 2021 y del recurso de reposición interpuesto contra el Decreto de 1 de junio de 2021 que se anulan por no ser conformes a derecho, **SE RECONOCE** el derecho a percibir por la recurrente el complemento de productividad aprobado para el año 2021 desde el mes de mayo de 2021 y durante el resto del año 2021 con todos los efectos favorables condenando al Concello a su abono y al pago de las costas por honorarios de letrado y con el límite máximo de 400 € por todos los conceptos incluido el IVA, en su caso.

Visto o informe da Secretaría do seguinte teor literal :

INFORME DE SECRETARÍA

ASUNTO : Sentenza do Xulgado Contencioso-Administrativo Nº. 1 de Ferrol de 26-09-2022 recaída no P.O. 0000367/2021.

A realización do ordenado pola Sentenza é unha esixencia da tutela xudicial, e, polo tanto, un dereito fundamental consagrado no artigo 24 da Constitución.

O Concello de Cerdido, como entidade local e por conseguinte como Administración pública que foi parte no proceso ven obrigada a cumprir o mandado no fallo da Sentenza que puxo fin ao mesmo. O Concello como autora



do acto, foi parte demandada, e ven obrigada como tal parte procesal a cumprir os pronunciamentos do fallo, e a levar a sentenza -segundo expresión do artigo 104 da Lei 29/1998 Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa- "**a puro e debido efecto**".

As sentenzas, declarou unha reiterada doutrina xurisprudencial, entrañan un ordenamento imperativo e transcendente de irrefragábel realización (**Sentenzas de 27 de xaneiro de 1915 e 8 de xaneiro de 1935**). Pois o respecto debido ás resolucións xudiciais no Estado de Dereito "impón como única fórmula admisible a de acatar cumprindo" (**Sentenza de 21 de maio de 1960**).

A firmeza constitúe un presuposto da comunicación ao órgano competente para a levar a afeito. A Administración pública deberá levar a puro e debido efecto e practicar o que esixa o cumprimento das declaracións contidas no fallo. O fallo da sentenza, pois, é o que delimita o ámbito e contido da actividade de execución, e a tal afeito o órgano competente, deberá proceder á execución adoptando cantas medidas e providencias se requiran, establecendo o artigo 104 da Lei 29/1998, de 13 de xullo que o órgano a quen corresponda acusará recibo da sentenza no prazo de dez días e deberá levar a puro e debido efecto o fallo no prazo de dous meses o fixado na sentenza para o cumprimento conforme ao artigo 71.1c) da citada Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

A execución da Sentenza é unha esixencia legal establecida ao máximo nivel, pois o impón a Constitución, non soamente no seu artigo 118, senón tamén no artigo 24.1 dado que o dereito á tutela xudicial efectiva inclúe dentro do seu contido, incluso de forma culminante, o dereito á execución de sentenzas (**S. 21 de marzo 1988 -Ar. 2183-**). E así o recoñeceu a xurisprudencia constitucional, por exemplo nas **Sentenzas 67/1984, de 7 de xuño; 125/1987, de 15 de xullo; 4/1988, de 21 de xaneiro**. "O dereito a que se executen os fallos -dí a **S. do T.C. 26/1983, de 13 de abril-** que recoñecen dereitos propios soamente se satisface cando o órgano xudicial adopta as medidas oportunas para levar a efecto a execución". Pois -dí a **S. do T.C. 9/1981, de 31 de marzo-** "a inexecución pura e simple deixaría ignorados os dereitos e intereses da parte que obtivo a súa tutela efectiva através da sentenza favorable aos mesmos.

Na súa virtude, por dilixencia de Ordenación de data 16 de xaneiro de 2023 do Xulgado Contencioso-Administrativo N^o. 1 de Ferrol, declarando firme a Sentenza de 26-09-2022 procede a súa execución, establecéndose no Fallo :

"SE ESTIMA el recurso contencioso administrativo interpuesto por Diego Rodríguez Piñón contra la desestimación por silencio administrativo de Decreto de la Alcaldía del Concello de Cerdido de 2 de agosto de 2021 y del recurso de reposición interpuesto contra el Decreto de 1 de junio de 2021 que se anulan por no ser conformes a derecho, SE RECONOCE el derecho a percibir por el recurrente el complemento de productividad aprobado para el año 2021 desde el mes de mayo de 2021 y durante el resto del año 2021 con todos los efectos favorables condenando al Concello a su abono y al pago de las

costas por honorarios de letrado y con el límite máximo de 400 € por todos los conceptos incluido el IVA, en su caso."

Conseguíntemente nos termos do artigo 104.1 e 2 da Lei 29/1988, de 13 de xullo Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa procede levar a puro e debido efecto practicando o que esixa o cumprimento das declaracións contidas no fallo :

Ley 29/1988, de 13 de julio, Reguladora de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa : Artículo 104

1. Luego que sea firme una sentencia, el Secretario judicial lo comunicará en el plazo de diez días al órgano que hubiera realizado la actividad objeto del recurso, a fin de que, recibida la comunicación, la lleve a puro y debido efecto y practique lo que exija el cumplimiento de las declaraciones contenidas en el fallo, y en el mismo plazo indique el órgano responsable del cumplimiento de aquél.

2. Transcurridos dos meses a partir de la comunicación de la sentencia o el plazo fijado en ésta para el cumplimiento del fallo conforme al artículo 71.1.c), cualquiera de las partes y personas afectadas podrá instar su ejecución forzosa.

Aberto o turno de intervencións, comeza o Sr. Alcalde, Benigno Galego Castro explicando que se enviaron as sentenzas, unha aínda non é firme pero supoñemos que será un pequeno atraso pola folga que hai de Secretarios xudiciais, ¿Tedes algunha pregunta ou o deixamos despois para a orde de rogos e preguntas?

Toma a palabra o Sr. Alberto Javier Rey Paz que expón: Como queirades, unha pregunta non temos, sería comentar as sentenzas. Son as dúas exactamente iguais, ambas sentenzas veñen motivadas porque ti persoalmente decidiches sacar un complemento persoal a dous funcionarios a raíz dun problema persoal contigo, eso por unha parte. Por outra parte, para rematala contratastes ao bufete de avogados do Señor ex-ministro de Xustiza Caamaño, pagastes 5.000 e pico de euros e despois a sentenza di algo así como que tedes que pagar as costas do avogado do demandante, máximo 400 €. Non sei como vas explicar eso aos veciños, os cartos de todos os veciños porque tes o servizo xurídico gratis na Deputación, non sei porque decidiches gastar eses cartos nun bufete de avogados.

Resposta o Sr. Alcalde, Benigno Galego Castro: A primeira valoración é unha opinión tua porque iso de que é un problema persoal por quitarlles ese complemento non é así, é unha produtividade. A sentenza non pon que sexa un problema persoal, o complemento quitáselles por unha baixa laboral e eu sigo entendendo que un traballador que esta de baixa laboral non ten porque cobrar un plus de produtividade, así o entendo e así se entendía no informe xurídico. Polo tanto, da túa primeira valoración non pon nada a sentenza. A xuíza non recoñece eso, eles o que piden é que ese complemento lles quede fixo por levar moito tempo cobrando e a demanda pon que é un complemento desnaturalizado, que o tiñan que cobrar de por vida pero a sentenza di que non van cobrar iso por vida senón o do ano 2021, polo tanto iso non sei de onde o quitades.

Intervén a concelleira, María Amalia Díaz Rodríguez: A testemuña di que ese complemento sempre se deu en período de vacacións, baixas, etc.

O Sr. Alcalde, Benigno Galego Castro resposta: Non vou a entrar a valorar o que di unha testemuña, eu o que vou valorar é a sentenza. A sentenza di que de complemento fixo nada. Non comparto a sentenza pero teño que respetala. Estábase facendo mal e intentouse rectificar o erro, a xuíza non o entende así pero vos ¿entendedes que un traballador que está de baixa teña que cobrar un plus de produtividade?

A xuíza na sentenza di que se recoñece en base ao Decreto unicamente o do ano 2021, nada de que quede fixo. Vos decides que gañaron pero non lles queda ese complemento fixo.

Tedes que facer o voso traballo e criticar pero de aquí xa non hai moito máis de onde sacar.

Pregunta o Sr. Alberto Javier Rey Paz: ¿Houbo algún outro traballador de baixa?

Resposta o Sr. Alcalde, Benigno Galego Castro: Dende que estou eu non, foron as primeiras baixas. Independentemente da demanda, consultouse se podía modificarse o referido decreto e a resposta foi si, por un erro. Pero o complemento non queda de por vida, se considerades que eso é ganar pois eu non o entendo así.

A Sra. María Amalia Díaz Rodríguez comenta: Eu creo que perde o concello porque vaia desembolso.

Intervén o Sr. Alcalde, Benigno Galego Castro: O que decides que se paga ao avogado é o que supón unha produtividade dun ano. Polo tanto, ¿e o que se aforra do 2022?

Sr. Alberto Javier Rey Paz reitera: Se foras pola Deputación aforrabas eses cartos.

O Sr. Alcalde, Benigno Galego Castro: Eses avogados estaban contratados como asesoría xurídica no seu momento, xa antes deste problema.

Intervén o Sr. Alberto Javier Rey Paz: ¿Pero tendo un servizo gratis porque se contrata eses avogados?

O Sr. Alcalde, Benigno Galego Castro comenta: Non se contrata únicamente para este caso.

Sr. Alberto Javier Rey Paz manifesta : Pero neste caso cobraron 5.000 e pico de euros.

Resposta o Sr. Alcalde, Benigno Galego Castro: Porque fixeron o traballo.

De novo pregunta o Sr. Alberto Javier Rey Paz: ¿Pero a Deputación cobra eses 5.000 €?

Toma a palabra o Sr. Cándido Eusebio Preto Lago que dí: Son simples matemáticas, ¿cantas baixas pode haber nunha vida laboral?



Sr. Alberto Javier Rey Paz: Eso non ten nada que ver ca sentenza, a favor ou en contra, eu refírome aos gastos do xulgado.

O Sr. Cándido Eusebio Preto Lago dí: No momento que vas ao xulgado xa tes gastos, ¿ti non entendes iso ou es letrado?

Resposta o Sr. Alberto Javier Rey Paz: Eu o que entendo é que por un lado é gratis e polo outro hai que pagalo.

Novamente intervén o Sr. Alcalde, Benigno Galego Castro: Non imos chegar a acordo, a sentenza o que pon é que se recoñece *el derecho a percibir por el recurrente el complemento de productividad aprobado para el año 2021 desde el mes de mayo de 2021 y durante el resto del año 2021 con todos los efectos favorables condenando al Concello a su abono y al pago de las costas por honorarios de letrado y con el límite máximo de 400 € por todos los conceptos incluido el IVA, en su caso.*

Esto recoñéceselles a eles e ao resto dos traballadores porque estando de baixa non teñen dereito a cobrar a produtividade.

A Sra. María Amalia Díaz Rodríguez comenta: Pero ata este momento, neste concello fíxose.

O Sr. Alcalde, Benigno Galego Castro resposta: Mal feito porque se aprobada o complemento de produtividade en xaneiro, é dicir, aínda non se fixera ningunha tarefa e xa se estaba recoñecendo. No momento que me dou conto de iso, que uns traballadores collen a baixa entendo que non esta ben e se intenta corrixir o decreto con outro decreto, que é o día a día de calquera administración e aínda que a xuíza non o entendeu así pero nada máis.

O Pleno do Concello de Cerdido considérase informado.

Terceiro.- Relación dos Decretos da Alcaldía para dar conta no Pleno ordinario de febreiro do 2023.

Núm.	Data	Asunto
315/2022	26/12/2022	<i>Modificación orzamentaria. Modalidade transferencia de créditos. Convenio Concello Valdoviño</i>
316/2022	26/12/2022	<i>Aprobación das asistencia dos concelleiros a órganos colexiados 2022</i>
317/2022	26/12/2022	<i>Aprobación das bases correspondentes á oferta extraordinaria de emprego público 2022 para a estabilización de emprego temporal</i>
318/2022	27/12/2022	<i>Pleno ordinario de decembro de 2022</i>
319/2022	27/12/2022	<i>Aprobación de facturas decembro e anteriores</i>



320/2022	28/12/2022	Aprobación da liquidación dos gastos derivados do convenio de colaboración interadministrativa entre os concellos de Moeche, Cerdido, San Sadurniño e Valdoviño para o emprendemento ao desenvolvemento rural
321/2022	28/12/2022	Modificación presupuestaria. Transferencia de crédito 920 y 912
322/2022	29/12/2022	Reserva da Area Recreativa O Castro o 2 de xaneiro para festa infantil
323/2022	29/12/2022	Convocatoria Subvenciones Nominativas 2022
324/2022	30/12/2022	Aprobación Certificación nº1 e factura Mellora e renovación do alumbrado público do Concello de Cerdido ACEINSA-IDAE
325/2022	30/12/2022	Aprobación do pago de dietas e quilometraxe do traballador social durante o ano 2022
326/2022	30/12/2022	Modificación presupuestaria para pago Seguridad Social
327/2022	30/12/2022	Facturas Decembro 2022
328/2022	31/12/2022	Aprobación facturas 31 decembro 2022
329/2022	31/12/2022	Prorroga presupuesto
1/2023	02/01/2023	Bolsa administrativo
2/2023	02/01/2023	Aprobación pago IVE e IRPF 4º trimestre 2022
3/2023	03/01/2023	Solicitud de subvención para mantemento dos Servizos Sociais Municipais -Deputación 2023
4/2023	05/01/2023	Contratación de Verónica Freire Regueiro para cubrir vacacións de Paz do 9 ao 23 de xaneiro de 2023
5/2023	05/01/2023	Aprobación pago anuncio BOP: Anuncio da convocatoria e das bases de selección para o acceso a varias prazas
6/2023	11/01/2023	Relación de recibos correspondentes ó mes de novembro do 2022 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar
7/2023	13/01/2023	Alta no padrón municipal de habitantes en Vila da Igrexa, 33 F, Cerdido
8/2023	16/01/2023	Solicitud de Andrea Santalla Pérez en nome da Comisión de festas de Cerdido 2023 para usar a pista polideportiva do Castro os días 11 e 12 de Febreiro para unha xuntanza de entroido
9/2023	16/01/2023	Solicitud do Servizo de Axuda no Fogar de Vicenta Piñón Barro.
10/2023	16/01/2023	Solicitud do Servizo Axuda no Fogar de Clara López Fraga
11/2023	16/01/2023	Solicitud do Servizo de Axuda no Fogar de María Teresa López Tojeiro.
12/2023	16/01/2023	Solicitud do Servizo de Axuda no Fogar de Marina García Díaz
13/2023	17/01/2023	Camiño de Sete a Casaldaia e outros (POS+2022)



14/2023	17/01/2023	Contratación bolsa auxiliar admin.
15/2023	18/01/2023	Alta no padrón municipal de habitantes en Vila da Igrexa, 33 F
16/2023	18/01/2023	Alta no padrón municipal de habitantes en Travesas, 6, A Barqueira
17/2023	23/01/2023	Incorporación de remanentes 01/2023
18/2023	24/01/2023	Aprobación modificación saldo IRPF
19/2023	24/01/2023	Xeración de créditos 01/2023 (mc 02/2023)
20/2023	26/01/2023	Aprobación de nóminas, quilometraxe, horas extraordinarias e produtividade do persoal do mes de xaneiro de 2023 e Seguridade Social de decembro de 2022
21/2023	27/01/2023	Aprobación de facturas de xaneiro 2023
22/2023	27/01/2023	Aprobación de pago xuros de mora por devolución subvención Servizos Sociais comunitarios 2021
23/2023	27/01/2023	Liquidación do canon da auga 2022
24/2023	06/02/2023	Relación de recibos xaneiro do 2023 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar
25/2023	06/02/2023	Pleno extraordinario do 9 de febreiro de 2023
26/2023	08/02/2023	Reserva de instalacións da Area Recreativa O Castro o 22 de febreiro para unha festa de remate do entroido
27/2023	08/02/2023	Reserva da Casa da Cultura o día 18 de febreiro de 16:30 a 18:30 para unha charla informativa
28/2023	09/02/2023	Padrón de contribuíntes da taxa polo abastecemento de auga a domicilio do ano 2023
29/2023	09/02/2023	Padrón de contribuíntes da taxa pola recollida de lixo do ano 2023
30/2023	09/02/2023	Non división en lotes pos+2023 pavimentación en camiño de Penadovico-Casaldegonce e outros
31/2023	10/02/2023	Programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para a adquisición de vehículos para os desprazamentos do persoal SAF
32/2023	10/02/2023	Solicitude Xeral de autorización de uso da casa da cultura o venres día 10 de febreiro de 2023 en horario de 21h a 23h
33/2023	13/02/2023	Alta no padrón municipal de habitantes en Seixas, 11, Cerdido
34/2023	14/02/2023	Reserva de instalacións de O Castro para celebración particular
35/2023	15/02/2023	Solicitude de devolución de Ingresos Indevidos. Canon auga 2022
36/2023	15/02/2023	Contrato menor Aspy prevención
37/2023	15/02/2023	Programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para financiar gastos de persoal técnico nos servizos municipais de cultura en 2023 da Deputación da Coruña



38/2023	16/02/2023	Vacante dunha praza de auxiliar de axuda no fogar por xubilación da titular
---------	------------	---

Intervén en primeiro lugar a Sra. Concelleira María Amalia Díaz Rodríguez: Eu teño unha pregunta respecto ao 32/2023, Programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para a adquisición de vehículos para os desprazamentos do persoal SAF.

O Sr. Alcalde, Benigno Galego Castro resposta: Esta é unha solicitude de subvención que se fixo á Deputación que este ano sacou un programa para dotar de vehículo aos traballadores do SAF.

A Sra. María Amalia Díaz Rodríguez pregunta: Entón ¿van a prescindir do vehículo propio?

Resposta o Sr. Alcalde, Benigno Galego Castro: Todos non pero é un vehículo que está pensado para eso, aínda que non sabemos se o temos concedido.

Intervén a Sra. María Amalia Díaz Rodríguez respecto a o Decreto 35/2023 da Solicitude de devolución de Ingresos Indevidos. Canon auga 2022.

O Sr. Alcalde, Benigno Galego Castro comenta: Isto foi que fixemos o pago do canon e detectamos un erro, pagamos de mais e solicitamos que nos devolveran a cantidade pagada de mais á Augas de Galicia.

A Sra. María Amalia Díaz Rodríguez: Aquí hai outro, o 36/2023 referido ao Contrato menor Aspy prevención, ¿Esto é de riscos?

O Sr. Alcalde, Benigno Galego Castro di: É unha empresa para facer a Prevención de riscos, controles médicos e todo o relacionado.

Continúa a Sra. María Amalia Díaz Rodríguez: ¿É o 37/2023 Programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para financiar gastos de persoal técnico nos servizos municipais de cultura en 2023 da Deputación da Coruña? ¿Temos algunha colaboración en Cultura que non sabemos?

Resposta o Sr. Alcalde, Benigno Galego Castro: Non. Este é o programa de todos os anos, da animadora sociocultural.

O Sr. Alcalde, Dn. Benigno Galego Castro, antes dos rogos e preguntas expón, temos unha **MOCIÓN DE URXENCIA** rexistrada do Grupo Socialista e Partido Popular. Primeiro votamos a urxencia que ven determinada porque saíu publicada no Boletín e canto antes tomemos medidas mellor.

Intervén a Concelleira Sr. María Amalia Díaz Rodríguez: A urxencia ven debida porque a mandastes un día antes para poder estudala. Moito marxe non dades.

Resposta o Sr. Alcalde, Benigno Galego Castro: Amalia, eu falei con vosoutros e consensuamos en que términos iba a moción.

Sometida a votación a urgencia da moción nos termos do artigo 91.4 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro e 51 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, a mesma é aprobada por unanimidade cumprindo o quorum do artigo 47.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Seguidamente intervén en primeiro lugar o Sr. Alcalde, Benigno Galego Castro: ¿Quen a quere ler ou defender?

O Sr. Alberto Javier Rey Paz toma a palabra e procede a ler a **moción presentada polo Grupo municipal Socialista e o Grupo municipal Popular ao Pleno do Concello de Cerdido para evitar a instalación do parque eólico Badulaque:**

Vista a publicación no BOE do día 31 de xaneiro de 2023 na que dí: “Resolución de 23 de enero de 2023, de la Dirección General de Calidad y Evaluación Ambiental, por la que se formula la declaración de impacto ambiental del proyecto Parque eólico Badulaque de 90MW y su infraestructura de evacuación en los Concellos de Valdoviño, Cerdido, Cedeira, Moeche, As Somozas y As Pontes de García Rodríguez (A Coruña)”, e considerando que este proxectos de parques eólicos prexudicarían gravemente o día a día dos veciños e veciñas de Cerdido, así como unhas consecuencias irreparables a nivel ambiental e do ecosistema.

Solicitamos o Pleno do Concello de Cerdido a aprobación do seguinte acordo:

Primeiro.- A realización dun estudio xurídico que comprenda as posibles accións a levar a cabo para evitar a instalación do parque eólico Badulaque, así como a liña de evacuación deste citado parque o do parque eólico Barqueiro o seu paso polo termo municipal de Cerdido.

Esta actuación tamén poderá ser en conxunto con outros concellos afectados.

Segundo.- Adherirse as accións xurídicas que poida promover a plataforma veciñal de Cerdido di Non, outras plataformas ou asociacións en contra da instalación do parque eólico Badulaque ou calquera outro que afecte o termo municipal de Cerdido.

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Alberto Javier Rey Paz sinala dirixíndose ó sr. Alcalde : Tí como alcalde, deberías estar en cabeza.

O Sr. Concelleiro Cándido Eusebio Preto Lago comenta: Pregunta á plataforma cando fixeron algún tipo de alegación, ¿a quen chamaban?.

O Sr. Alberto Javier Rey Paz: Aínda que me digan que sí non é suficiente para parar un parque eólico.

O Sr. Concelleiro Cándido Eusebio Preto Lago resposta: colaborouse en todo o que se puido, facendo pancartas, preparando alegacións, os funcionarios aquí pola tarde rexistrando as alegacións, ¿ti viches a resolución? Entón xa non podemos falar máis. O maior número de alegacións eran do Concello, foi o Concello que máis alegacións presentou.

Intervén a continuación a Sr. María Amalia Díaz Rodríguez: Tamén sabemos que non rexistrastes alegacións.

Resposta Cándido Eusebio Preto Lago: Rexistran os funcionarios non nos.

Sr. María Amalia Díaz Rodríguez dí: Vos sodes parte da plantilla. ¿O Alcalde non ve o que sucede?.

Toma a palabra o Sr. Alcalde, Benigno Galego Castro: Permitídmeme. Nosoutros con respecto a plataforma, que xa veu a Pleno pero volvo a repetirche, intentamos colaborar en todo, presentamos as alegacións, presentamos charlas da man da plataforma, cedéronse instalacións municipais, colaboramos e estades acusando ao Concello que non colaborou. Volvo a repetir que este tema xa veu a Pleno. Dentro da plataforma hai xente que quere un enfrontamento directo co Alcalde, buscou e conseguiu. Respecto as alegacións pediuse que buscaran outros rexistros que senón saturaban o concello e que foran traendo de 50 en 50 pero chegaron o ultimo dia con 300 alegacións para rexistrar. A intención era enfrontarse ao Alcalde porque xa o intentaron moito antes en outras situacións

Continua o Sr. Alcalde Sr. Benigno Galego Castro : O concello preparou as alegacións, trouxas a Pleno e foron aprobadas pola Corporación. O Concello asesorou aos veciños en tempos de pandemia, tivemos que facelo no pavillón, se non se oía ben sinto, fixemos o que se podía, tamén se fixo no castro en exterior.

Que quede ben claro, o Concello de Cerdido sempre estivo en contra de que calquera empresa, Enel ou outra viñeran e así queda demostrado na Resolución do BOE. O problema é que a Xunta considera que este proxecto é excepcional, o problema non é o alcalde de Cerdido como acusa a plataforma ou os populares de Cerdido.

Non podes acusar ao Concello de Cerdido que non fai nada cando nin sequera lees o BOE. Aquí é onde se demostra o que fai o Concello e non o que di a Plataforma que o que queren é que se vaia o Alcalde.

Esas pancartas que permitimos ter nas instalacións municipais, falouse de comprar 5 pero cando veu a factura eran 10 e pareceulle mal que os chamamos porque dicían que non os apoiabamos.

Mirade o informe técnico que se vos enviou, as alegacións, o informe de compatibilidade urbanística así que culpade a quen tedes que culpar non ao Concello de Cerdido que está a facer o seu traballo.

Finaliza o Sr. Alcalde Dn. Benigno Galego Castro : As portas do Concello están abertas para a plataforma.

Intervén seguidamente a Sra. María Amalia Díaz Rodríguez : Eu o que digo e que falta contundencia.

Pregunta o Sr. Alcalde, Benigno Galego Castro: ¿Pero que máis contundencia queres? Mira o BOE e non as redes sociais, sempre publicamos, que publiquen mellor ou non os medios de comunicación eso xa non é cousa nosa.

A continuación o Sr. Alberto Javier Rey Paz expón : Eu creo que o claro exemplo é esta moción

A Sr. María Amalia Díaz Rodríguez dí : Tardastes en sacar a declaración institucional e eso porque presionamos.

O Sr. Alcalde, Benigno Galego Castro matiza : Pero aprobámola en Pleno Amalia.

Pide a palabra e intervén a cotinuación o Sr. Concelleiro Cándido Eusebio Preto Lago manifestando : Vaíamos un paso máis adiante, hoxe saíu na prensa unha denuncia da Sociedade Galega de Historia Natural e a Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia sobre os parques eólicos, unámonos a esa denuncia ante a Valedora do Pobo. ¿Qué vos parece?

Resposta o Sr. Alberto Javier Rey Paz : Si comprobo que eso é verdade e unha vez comprobado a min dáme igual.

Intervén a Sra. María Amalia Díaz Rodríguez : Ninguén defende a Xunta porque sexa do PP.

Toma a palabra o Sr. Alcalde, Benigno Galego Castro expoñendo : Pero si criticamos ao Alcalde de Cerdido por ser do PSOE. ¿Cal é o problema?, ese é o voso traballo presentar unha moción para mirar isto. O Concello de Cedeira e Cerdido estamos con avogados mirando isto.

Seguidamente intervén a Sra. María Amalia Díaz Rodríguez : Cedeira xa se pronunciou fai tempo e de maneira contundente.

Resposta o Sr. Alcalde, Benigno Galego Castro : Pero se saíu conxunto.

A Sra. Concelleira María Amalia Díaz Rodríguez dí : Cedeira fixo a súa propia que eu tamén sigo as redes.

A continuación o Sr. Alcalde, Benigno Galego Castro manifesta : As redes son as redes e non documentos oficiais. ¿O documento oficial é insignificante? Eu non me movo en redes ¿Son mal alcalde? O que vale é o BOE, veredes que mencionan o Concello de Cerdido 10 veces.

Eu agradezo o traballo da plataforma de informar e ir polas casas porque nos ahí non podíamos chegar. Pero tamén houbo un boicot contra o Concello de Cerdido e eso non o podeades negar.

Volvemos a moción, pola miña parte estou de acordo e estamos aquí porque a Xunta declarou este proxecto como excepcional e o mellor.

Resposta o Sr. Alberto Javier Rey Paz: O mellor estamos aquí porque o proxecto o sacou o Goberno de España.

Toma a palabra o Sr. Alcalde Benigno Galego Castro : Non, a Xunta se non aproba que este é excepcional que non estamos na zona eólica sectorial. Nos criticamos que non se nos contestara por parte do Ministerios as alegacións presentadas. Hai unha queixa formal á subdelegada do goberno nese aspecto.

Considerando a alcaldía suficientemente debatido o asunto, someteo a votación acordando o Pleno do Concello por unanimidade dos Sres. Presentes aprobar a moción exposta ó inicio.

Outra **MOCIÓN DE URXENCIA** sería para un convenio porque nos adelantaron, era para maio e ven para marzo, comenta o Sr. Alcalde, Benigno Galego Castro: **CONVENIO ENTRE INECO Y EL AYUNTAMIENTO DE CERDIDO PARA IMPULSAR EL DESARROLLO DE PROYECTOS DIGITALES Y CONTRIBUIR A LA DIGITALIZACIÓN SOCIAL Y ECONÓMICA DEL MUNICIPIO DE CERDIDO.**

Sometida a votación a urxencia da moción nos termos do artigo 91.4 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro e 51 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, a mesma é aprobada por unamidade cumprindo o quorum do artigo 47.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Seguidamente dase conta do seguinte convenio :

CONVENIO ENTRE INECO Y EL AYUNTAMIENTO DE CERDIDO PARA IMPULSAR EL DESARROLLO DE PROYECTOS DIGITALES Y CONTRIBUIR A LA DIGITALIZACIÓN SOCIAL Y ECONÓMICA DEL MUNICIPIO DE CERDIDO.

Visto o convenio a suscribir entre INECO e o Concello de Cerdido para impulsar o desenrolo de proxectos dixitais e contribuir á dixitalización social e conómica do Municipio de Cerdido do seguinte teor literal :

REUNIDOS



DE UNA PARTE D. Sergio Vázquez Torrón, con número de DNI núm. 33331477-S, en representación de la sociedad mercantil estatal Ingeniería y Economía del Transporte S.M.E. M.P., S.A., que en lo sucesivo se denominará Ineco, con CIF A-28220168, con domicilio a efectos del presente convenio en Paseo de la Habana 138, 28036, de Madrid, en su calidad de Presidente de Ineco, según poder otorgado ante Notario de Madrid, D. Juan Pérez Hereza, en fecha 19 de enero de 2022 y número de protocolo 106.

Y DE OTRA, D. Benigno Galego Castro, en nombre y representación del Ayuntamiento de Cerdido, con CIF P1502500J que en lo sucesivo se denominará Ayuntamiento, en su condición de Alcalde según nombramiento realizado por acuerdo plenario de fecha 15 de junio de 2019, con domicilio a efectos del presente Convenio, en Lugar de Felgasas, número 1, A Barqueira, Cerdido. A Coruña. C.P. 15569.

Intervienen en función de sus respectivos cargos y en el ejercicio de las facultades que, para convenir en nombre de las entidades que representan, tienen conferidas.

En su virtud, y dentro de las normas que resultan de aplicación a cada una de dichas entidades,

EXPONEN

I. Que INECO es una Sociedad Mercantil Estatal, de las previstas en el artículo 166.2 de la Ley 33/2003, de Patrimonio de las Administraciones Públicas. Su objeto social consiste, principalmente, en la realización de todo tipo de estudios, diseño, planificación, proyectos y trabajos de consultoría e ingeniería en todos los campos del transporte y la tecnología de la información y la comunicación.

II. Ineco, a través de su dilatada trayectoria en el diseño de soluciones técnicas y tecnológicas punteras en el marco de la movilidad y la transformación digital, lleva más de medio siglo contribuyendo a la mejora de la calidad de vida de las personas.

III. Que INECO ha diseñado el programa "Ineco Rural TIC"; una herramienta al servicio de la ciudadanía que vive en los pueblos y pequeños municipios de España, que tiene como objetivo utilizar la potencialidad que aportan las nuevas tecnologías para contribuir a visibilizar y dinamizar el medio rural, impulsando su digitalización social (fomentando y apoyando el de las nuevas tecnologías, con especial incidencia en la población con más edad) y su digitalización económica (asesorando al tejido empresarial a través de la potenciación de su posicionamiento digital).

IV. Que el Ayuntamiento de Cerdido está interesado en formar parte del programa "Ineco Rural Tic" y, consecuentemente, en la suscripción de este Convenio, existiendo



un interés público para que el municipio reciba labores de asesoramiento digital mediante la realización de talleres y acciones formativas.

De conformidad con lo expuesto, las Partes, en el ámbito de sus respectivas competencias y de las actividades que desarrollan, acuerdan formalizar el presente Convenio, que se rige por las siguientes,

CLÁUSULAS

PRIMERA. - OBJETO

El objeto del presente Convenio es establecer un marco de colaboración entre Ineco y el Ayuntamiento de Cerdido, para el desarrollo del programa "Ineco Rural TIC", que tiene como fin último apoyar y contribuir a la digitalización social y económica de la ciudadanía que vive en entornos rurales, acercando las ventajas que aportan las nuevas tecnologías a los/as vecinos/os y tejido económico de los mismos.

SEGUNDA. - NATURALEZA DEL CONVENIO.

Atendiendo a que una parte es una Administración, y a su objeto y fines, al presente Convenio le resulta de aplicación el régimen jurídico previsto en el capítulo VI del título preliminar de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público, y su normativa de desarrollo.

TERCERA. – OBLIGACIONES DE LAS PARTES

Por parte de Ineco:

- Desplazar el/los profesional/es de la compañía al municipio de Cerdido durante 15 días naturales, prorrogables en otros 15 días en caso de que sea aceptada, por parte de Ineco, la solicitud a plantear por el Ayuntamiento.*
- Aportar y compartir el conocimiento que poseen los profesionales de la compañía en materia de digitalización con los habitantes del municipio.*
- Dedicar hasta un máximo del 20% de la jornada laboral de el/los profesional/es de Ineco presentes en el municipio al desarrollo de las iniciativas / acciones en materia de apoyo y asesoramiento en digitalización que sean consensuadas con el Ayuntamiento.*

Impulsar y dinamizar la visibilidad del municipio a través de los canales de comunicación internos y externos que posee la compañía.

Por parte del Ayuntamiento:

- Facilitar acceso a red Wifi con cobertura, mínima, de 4G.*



- *Aportar listado de propuesta de acciones / talleres a llevar a cabo, facilitando los espacios necesarios para el desarrollo de estos, acordando con los profesionales de Ineco presentes en el municipio los horarios y formato de convocatoria de los mismos.*
- *Aportar la estancia a el/los profesional/es de Ineco durante los 15 días naturales de desarrollo del programa, asumiendo el coste íntegro de la misma.*

CUARTA. – VIGENCIA Y DURACIÓN

El presente Convenio tendrá, con arreglo a lo dispuesto en el apartado 1º del artículo 49 h) de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público, una vigencia de seis (6) meses; si bien, en el caso de que la ejecución de las actuaciones que se recogen en el mismo requieran de un periodo superior de tiempo, las partes se comprometen a tramitar, con carácter previo a la finalización del referido plazo vigencia, su prórroga, de conformidad con lo previsto en el apartado 2º del artículo 49 h) de dicha Ley, observándose para ello el mismo procedimiento seguido para su formalización.

El presente Convenio de Colaboración se perfecciona con la prestación del consentimiento de las partes, por lo que estará vigente desde la firma del mismo.

QUINTA. - APORTACIONES ECONÓMICAS.

Durante la vigencia del presente Convenio de colaboración no existirá aportación económica alguna entre las Partes.

SEXTA. - CONFIDENCIALIDAD.

Las partes se obligan a guardar absoluta confidencialidad sobre la información y documentación que se faciliten o tengan acceso durante la presente colaboración, a no revelar, ni utilizar directa o indirectamente la información derivada del presente acuerdo.

Asimismo, se comprometen a no divulgar y/o utilizar para otros fines diferentes al objeto de este Convenio, en su totalidad o parcialmente los resultados obtenidos, o la información a la que haya tenido acceso de la otra Parte en virtud del presente Convenio.

Este compromiso de confidencialidad no tendrá efecto alguno sobre aquellas informaciones recibidas por cualquiera de las Partes, siempre que pueda demostrarse que aquellas son de dominio público o que las poseía antes de otorgar este Convenio de Colaboración, o a partir de un tercer con libre disposición de ella.



Sin perjuicio de lo anteriormente expuesto, las Partes podrán publicar los resultados finales obtenidos en el presente proyecto, sin que de ello derive incumplimiento de las Partes, o responsabilidades legales, siempre que se mantenga extrema confidencialidad en relación con los datos personales que dichos resultados contengan, debiendo cumplir en todo momento con la legislación nacional e internacional aplicable, en materia de Protección de Datos Personales.

En conclusión, únicamente podrán publicarse o hacer comunicaciones científicas acerca de los resultados finales obtenidos, pero nunca de los datos individuales.

A los efectos de esta publicación, cuando fuese estrictamente necesario publicar documentos que contuviesen datos personales de trabajadores, se tomarán las medidas adecuadas para anonimizar dichos, a fin de impedir su identificación y proteger su intimidad.

SÉPTIMA. - EXTINCIÓN Y RESOLUCIÓN

Según lo establecido en el artículo 51 de la Ley 40/2015, el presente Convenio se extinguirá por el cumplimiento de las actuaciones que constituyen su objeto o por incurrir en cualquiera de las siguientes causas de resolución:

- a) El transcurso del plazo de vigencia del convenio sin haberse acordado la prórroga del mismo.*
- b) El acuerdo unánime de todos los firmantes.*
- c) El incumplimiento de las obligaciones y compromisos asumidos por parte de alguno de los firmantes.*

En este caso, cualquiera de las partes podrá notificar a la parte incumplidora un requerimiento para que cumpla en un plazo determinado, no inferior a 15 días, con las obligaciones o compromisos que se consideran incumplidos. Este requerimiento será comunicado al responsable del mecanismo de seguimiento, vigilancia y control de la ejecución del Convenio y a las demás partes firmantes. Si trascurrido el plazo indicado en el requerimiento persistiera el incumplimiento, la parte que lo dirigió notificará a las partes firmantes la concurrencia de la causa de resolución y se entenderá resuelto el convenio.

- d) Por decisión judicial declaratoria de la nulidad del convenio.*
- e) Por cualquier otra causa distinta de las anteriores prevista en el convenio o en otras leyes.*



f) Asimismo, las partes se reservan la facultad de desistir, unilateralmente, su participación en el mismo, en cualquier momento, comunicándose por escrito a las otras con una antelación de al menos dos meses, sin que las demás partes tengan derecho a compensación por ningún concepto.

OCTAVA. – MODIFICACIÓN DEL CONVENIO

El presente Convenio constituye la manifestación expresa de la voluntad de las partes en relación con la materia que el mismo regula, por lo que cualquier modificación de su clausulado deberá hacerse por escrito, mediando propuesta de la Comisión de Seguimiento, y ser suscrita por todas las partes, dando cumplimiento a lo establecido en la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público, y su normativa de desarrollo.

NOVENA. - COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para la puesta en marcha, control y seguimiento de las actividades previstas en el presente Convenio se constituirá una Comisión de Seguimiento formada por una (1) persona en representación de cada una de las partes.

La Comisión de seguimiento se reunirá al inicio de las actividades objeto del presente Convenio, y cada vez que lo solicite cualquiera de las partes en el plazo máximo de una (1) semana desde la correspondiente solicitud.

La Comisión de Seguimiento velará por el seguimiento, vigilancia y control de la ejecución del Convenio y los compromisos adquiridos, así como resolver las discrepancias o problemas de interpretación y cumplimiento que pudieran plantearse.

En caso de que existan discrepancias respecto a la interpretación o cumplimiento del presente convenio se convocará la Comisión con el fin de adoptar una decisión que permita la resolución de las mismas.

DÉCIMA. - PROTECCIÓN DE DATOS

Las partes se obligan a guardar absoluta confidencialidad sobre la información y documentación que se faciliten o a la que tengan acceso durante la vigencia del presente Convenio, así como a no revelar ni utilizar la misma, directa o indirectamente, para fines distintos a los establecidos en el mismo.

Las Partes se comprometen a cumplir y respetar lo dispuesto en el Reglamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y del Consejo de 27 de abril de 2016 relativo a la protección de las personas físicas en lo que respecta al tratamiento de datos personales y a la libre circulación de estos datos y por el que se deroga la Directiva

95/46/CE (Reglamento General de Protección de Datos), en la Ley Orgánica 3/2018, de 5 de diciembre, de Protección de Datos Personales y garantía de los derechos digitales, así como en cualquier otra norma vigente en materia de protección de datos personales que resulte de aplicación.

Las partes informan a los intervinientes, cuyos datos personales se recogen en el presente Convenio, que los mismos serán tratados por y bajo la responsabilidad de cada una de ellas de conformidad con lo establecido en la normativa aplicable en materia de protección de datos referida en el párrafo precedente, siendo la base legitimadora para el tratamiento de los referidos datos la ejecución del presente Convenio.

Los datos de carácter personal de los intervinientes serán conservados durante el plazo de vigencia del presente Convenio y, posteriormente, durante el plazo legalmente establecido para atender las posibles responsabilidades, pudiendo los interesados en cualquier momento ejercitar los derechos de acceso, rectificación, supresión, limitación del tratamiento, portabilidad y oposición, debiendo a este efecto dirigirse por escrito, mediante correo postal o electrónico, a las direcciones que se indican a continuación, acompañando su D.N.I. u otro documento oficial acreditativo de su identidad.

INECO dpd@ineco.com Paseo de la Habana nº 138, 28036 Madrid.

Ayuntamiento correo@cerdido.es Felgosas, 15569 Cerdido.

Asimismo, se informa a los intervinientes de que podrán presentar una reclamación ante la Agencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es) u otra autoridad de control competente en caso de que consideren que sus datos no han sido tratados adecuadamente.

UNDÉCIMA.- DIFUSIÓN DEL CONVENIO.

De acuerdo con lo dispuesto en la cláusula Tercera del presente Convenio, Ineco se compromete a impulsar y dinamizar la visibilidad del municipio a través de los canales de comunicación internos y externos que posee la compañía.

Para ello, el Ayuntamiento otorga el consentimiento informado para la grabación de imágenes y vídeos institucionales por Ineco, mediante la firma del Anexo I, que forma parte del presente Convenio.

La difusión de la colaboración que se instrumenta mediante el presente Convenio, que dé lugar a la utilización del nombre comercial, logotipos, marcas o cualesquiera signos distintivos de una de las Partes por la otra requerirá la autorización previa y por escrito



de dicha Parte, así como su retirada y, en su caso, devolución una vez finalizada la vigencia del Convenio.

La utilización por una de las Partes del nombre comercial, los logotipos, marcas o cualesquiera signos distintivos de las otras, en los términos previstos en el apartado precedente no supondrá ninguna cesión ni generará derechos de explotación a su favor.

DUODÉCIMA. – NOTIFICACIONES Y COMUNICACIONES

En el plazo de 10 días desde la firma del convenio, las partes designaran la persona de contacto y la dirección a efecto de notificaciones y comunicaciones (preferentemente de forma electrónica) en relación con el presente Convenio.

Las notificaciones y comunicaciones entre las partes deberán realizarse por cualquier medio que permita acreditar la fecha de su emisión y recepción, y el contenido de las mismas, y se dirigirán a las personas de contacto y direcciones anteriormente referidas. Si se produce un cambio de las personas de contacto o direcciones de las partes, el mismo deberá ser comunicado por escrito a las otras partes indicando la nueva dirección o persona de contacto y la fecha a partir de la cual dicho cambio será efectivo.

DECIMOTERCERA. – RÉGIMEN JURÍDICO Y JURISDICCIÓN

El presente Convenio se incardina en los previstos en el art.47.2 c) de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público, y su normativa de desarrollo, resultándole de aplicación, la normativa citada ut supra, en todo lo no previsto en el mismo.

Las cuestiones litigiosas que puedan surgir en relación con la interpretación, el desarrollo, la modificación, la ejecución y la resolución del presente Convenio se tratarán en primer lugar entre las partes en el seno de la Comisión de Seguimiento, y si no llegasen a un acuerdo, dichas cuestiones se someterán a los órganos del orden jurisdiccional contencioso-administrativo, de conformidad con lo establecido en la Ley 29/1998 de 13 de julio, Reguladora de la Jurisdicción ContenciosoAdministrativa.

En prueba de conformidad con el contenido de este convenio, lo firman por duplicado en el lugar y la fecha indicados en el encabezamiento.

Toma a palabra o Sr. Concelleiro Cándido Eusebio Preto Lago: Apareceu a oportunidade con Ineco para acercar as novas tecnoloxías dixitais a pequenos concellos rurais, a xente maior e

ofrecíannos uns voluntarios para isto e solo temos que pagar aloxamento e comidas. Trátase de facer cursos ou clases para sensibilizar un pouco a xente máis maior e axudarlles a funcionar con estas tecnoloxías.

Solicitamos a adhesión e de concellos de toda España, tivemos a sorte de que nos tocou para aproveitar este programa e acercar as tecnoloxías.

O Alcalde, Benigno Galego Castro: Ten de bon que solo hai que pagar a estancia, non temos máis gasto. Vai enfocado a persoas maiores e os voluntarios se adaptan ao horario da xente durante dúas semanas, van ser uns talleres máis personalizados. Tamén se van dar charlas e talleres no Colexio para ensinarlles os riscos nas redes sociais a pais e nenos. ¿Tedes algunha pregunta?

O Sr. Alberto Javier Rey Paz: Xa o dixemos máis veces, nos estamos a favor de todo tipo de formación, canto máis mellor pero teño un par de dúbidas. A primeira dúbida é respecto aos 15 días porque non temos gasto pero ¿hai que pagar os gastos de estancia neses días de dous voluntarios?

Resposta o Sr. Cándido Eusebio Preto Lago: Si.

O Sr. Alberto Javier Rey Paz pregunta: ¿Canto pode custar a estancia de esas dúas persoas?

Resposta o Sr. Cándido Eusebio Preto Lago: No sitio máis barato, en Delfin.

O Sr. Alcalde, Benigno Galego Castro intervén: Sobre 600 €.

Intervén de novo o Sr. Alberto Javier Rey Paz: Dietas, comidas, aloxamento. Pero aquí non pon que sexan dúas persoas e comidas, entón son dúbidas que eu teño e quero aclarar. Por outro lado, aquí pon que ata un máximo de 20% de xornada é o que dedican a este convenio.

O Sr. Alcalde, Benigno Galego Castro: Eles adáptanse ao horario pero no resto teñen que facer o seu traballo. Dan charlas conxuntas e citan as persoas individualmente.

Toma a palabra a Sra. Concelleira María Amalia Díaz Rodríguez: Pois non sei se terá moito éxito, era mellor colectivo.

O Sr. Alcalde, Benigno Galego Castro resposta: Pero que tamén se da colectivo. Esta enfocado a colectivos e a empresas, profesionais.

Visto o informe da secretaría do seguinte teor literal :

INFORME DE SECRETARÍA

Asunto : Convenio interadministrativo de colaboración entre o Concello de Cerdido e a Sociedad Mercantil estatal Ingeniería y Economía del Transporte S.M.E.M.P., S.A. - INECO- para impulsar o desenvolvemento de proxectos dixitais e contribuir á dixitalización social e económica do Concello de Cerdido.



De conformidade co artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do réxime local, o artigo 214 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o artigo 3.3 a) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional, emito o seguinte **INFORME**

O territorio é un elemento esencial posto que as competencias do Municipio exércense no seu territorio e non poden executarse en territorio doutros Municipios.

INECO é unha Sociedade Mercantil Estatal das previstas no artigo 166.2 da Lei 33/2003, do Patrimonio das Administracións Públicas, sendo o seu obxecto social principal a realización de todo tipo de estudos, planificación, proxectos e traballos de consultoría e enxeñería en tódolos campos do transporte e da tecnoloxía da información e a comunicación.

INECO diseña o programa “Ineco Rural TIC”, unha ferramenta ó servizo da cidadanía que vive nos pobos e pequenos municipios de España, que ten como obxectivo utilizar a potencialidade que aportan as novas tecnoloxías para contribuir a visibilizar e dinamizar o medio rural, impulsando a súa dixitalización social (fomentando e apoiando as novas tecnoloxías, con especial incidencia na poboación con máis idade) e a súa dixitalización económica (asesorando o tecido empresarial a través da potenciación do seu posicionamento dixital).

Os convenios son acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Cabe suliñar que non teñen a consideración de convenios, os Protocolos Xerais de Actuación ou instrumentos similares que comporten meras declaracións de intención de contido xeral ou que expresen a vontade das Administracións e partes subscritoras para actuar cun obxectivo común, sempre que non supoñan a formalización de compromisos xurídicos concretos e exixibles.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público.

Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

a) Convenios interadministrativos asinados entre dous ou máis Administracións Públicas, ou ben entre dúas ou máis organismos públicos ou entidades de dereito público



vinculados ou dependentes de distintas Administracións públicas, e que poderán incluír a utilización de medios, servizos e recursos doutra Administración Pública, organismo público ou entidade de dereito público vinculado ou dependente, para o exercicio de competencias propias ou delegadas.

Quedan excluídos os convenios interadministrativos subscritos entre dous ou máis Comunidades Autónomas para a xestión e prestación de servizos propios das mesmas, que se rexerán en canto aos seus supostos, requisitos e termos polo previsto nos seus respectivos Estatutos de autonomía.

b) Convenios intradministrativos asinados entre organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes dunha mesma Administración Pública.

c) Convenios asinados entre unha Administración Pública ou organismo ou entidade de dereito público e un suxeito de Dereito privado.

d) Convenios non constitutivos nin de Tratado internacional, nin de acordo internacional administrativo, nin de acordo internacional non normativo, asinados entre as Administracións Públicas e os órganos, organismos públicos ou entes dun suxeito de Dereito internacional, que estarán sometidos ao ordenamento xurídico interno que determinen as partes.

De acordo co artigo 49 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, os convenios deberán incluír, polo menos, as seguintes materias:

a) Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

b) A competencia na que se fundamenta a actuación da Administración Pública, dos organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes dela ou das Universidades públicas.

c) Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade dos resultados obtidos.

d) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, se os houberse, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento correspondente de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.

e) Consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes e, no seu caso, os criterios para determinar a posible indemnización polo incumprimento.

f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan exporse respecto dos convenios.

g) O réxime de modificación do convenio. A falta de regulación expresa a modificación do contido do convenio requirirá acordo unánime dos asinantes.

h) Prazo de vixencia do convenio tendo en conta as seguintes regras:

1.º Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que normativamente se prevexa un prazo superior.



2.º En calquera momento antes da finalización do prazo previsto no apartado anterior, os asinantes do convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de até catro anos adicionais ou a súa extinción.

Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financieramente sustentables, debendo quen os subscriban ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio. As achegas financeiras que se comprometan a realizar os asinantes non poden ser superiores aos gastos derivados da execución do propio convenio.

Hai que ter en conta que o artigo 53.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, establece expresamente a obriga das entidades do Sector Público de remitir electronicamente ao Tribunal de Contas ou órgano externo de fiscalización da comunidade autónoma, segundo corresponda, aqueles convenios cuxos compromisos económicos asumidos superen os 600.000 euros, así como a de comunicar as modificacións, prórrogas ou variacións de prazos, alteración dos importes dos compromisos económicos asumidos e a extinción dos convenios indicados.

Así mesmo, a Instrución relativa á remisión telemática ao Tribunal de Contas de convenios e de relacións anuais dos celebrados polas entidades do sector público local, aprobada por Acordo do Pleno de 24 de novembro de 2016, publicado por Resolución de 2 de decembro de 2016, da Presidencia do Tribunal de Contas, concreta a información, documentación, procedemento e medio para levar a cabo a remisión electrónica dos convenios incluídos no citado artigo 53.1 que se formalizaron a partir do 2 de outubro de 2016, remisión que terá lugar, en todo caso, a partir do 15 de xaneiro de 2017.

De conformidade co artigo 8.1.b) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, o Concello deberá facer pública a relación dos convenios subscritos que teñan repercusión económica ou orzamentaria, con mención das partes asinantes, o seu obxecto, prazo de duración, modificacións realizadas, obrigados á realización das prestacións e, no seu caso, as obrigacións económicas convidas.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación aplicable vén determinada por:

- Os artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas.
- O artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Os artigos 21, 22 e 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
- Artigo 8.1.b) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

De acordo co establecido no artigo 4.1.c) do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector

Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, quedarán fora do establecido no ámbito da devandita Lei os convenios de colaboración que celebre a Administración Xeral do Estado coa Seguridade Social, as Comunidades Autónomas, as Entidades locais, organismos autónomos e restantes entidades públicas, ou os que celebren estes organismos e entidades entre si, salvo que, pola súa natureza, teñan a consideración de contratos suxeitos ao devandito Texto Legal.

A continuación, a letra d) do artigo 4.1 do mesmo texto legal, tamén estarán excluídos do ámbito de aplicación da Lei de contratos os convenios que celebre a Administración con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado, sempre que o seu obxecto non estea comprendido no dos contratos regulados na devandita lei ou en normas administrativas especiais.

Estes supostos serán regulados polas súas normas especiais, aplicándose os principios do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, para resolver dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Unha vez negociado e subscrito o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Cerdido e o INECO, o mesmo será aprobado mediante Acordo do Pleno, o cal requerirá **o quórum da maioría absoluta legal** dos membros da Corporación.

Na súa virtude sendo de interese do Concello de Cerdido formar parte do programa "Ineco Rural Tic" existindo un interese público para que o Concello reciba labores de asesoramento dixital mediante a realización de talleres e accións formativas, informáse favorablemente a suscripción do mesmo.

En Cerdido, a 27 de febreiro de 2023.

O Secretario,

Sometida a votación a moción descrita, a mesma en votación ordinaria é aprobada por unanimidade.

Cuarto.- Rogos e preguntas.

Aberta a quenda de rogos e preguntas, comeza o Sr. Alberto Javier Rey Paz expoñendo : A carreteira de Casto a Os Nogais quedou de grava e fíxose unha canalización subterránea pero a auga sigue correndo para baixo.

Resposta o Sr. Alcalde, Benigno Galego Castro : Esa taxea non se puxo nova, xa estaba, o único que se fixo foi limpala. Non vai ser fácil darlle saída a esa auga porque ou a mandas as parcelas ou ten que ir ao cruce pero pasamos por ali e miramos.

O Sr. Alberto Javier Rey Paz: Teño aquí outra pregunta de aglomerado nas pistas con maior transito como é Domende, a Pena e o Vilar.

O Sr. Alcalde, Benigno Galego Castro dí : Domende está aglomerado e Os Nogais tamén. Esa pista vai desde os Nogais ao Vilar e a Pena.

A continuación a Sra. María Amalia Díaz Rodríguez expón : ¿Entón non está pensado aglomerar? Porque a min tamén me preguntaron eso.

Resposta o Sr. Benigno Galego Castro : Non, esas obras xa están acabadas. Deuse triple rego e quedaron moi ben aínda que a grava está un pouco solta pero así que se elimine queda moi ben e temos que ter en conta que o aglomerado se nos vai ao triple de prezo que o rego e esta obra foi do Cruce a Os Nogais e da Pena ás Felgosas, Covelo para as Mestas de Abaixo e se houberamos aglomerado teríamos que reducir moito a distancia.

Pregunta o Sr. Alberto Javier Rey Paz : ¿Qué vida útil ten unha carretara de esas características en comparación co aglomerado?

O Sr. Cándido Eusebio Preto Lago resposta : Evidentemente hai que ir reparando segundo se van deteriorando.

Toma a palabra o Sr. Alcalde, Benigno Galego Castro : O ideal era aglomerar todo pero este proxecto era de Agader que ten bastante limitación para cambiar a superficie.

De seguido intervén o Sr. Alberto Javier Rey Paz: Respecto ao alumeado publico que se esta cambiando, tedes que vixiar a empresa instaladora porque temos información de que están instalando material usado e desconfiamos que non sexa o que está no proxecto. Esta información é dun técnico que traballa niso.

Intervén o Sr. Alcalde, Benigno Galego Castro: Se instalan material usado non sei pero outra cosa é que se certifique, temos que falar co director de obra e se me podes dar algún dato mellor ¿Cal sería o material usado?

A Sra. María Amalia Díaz Rodríguez expón : No cadro do campo do hospital había que mirar.

Resposta o Sr. Alcalde, Benigno Galego Castro : A que está instalando é a mesma empresa que esta facendo o mantemento e o que temos que mirar é que non certifiquen ese mantemento do Concello e non por instalación pero mirámolo.

Intervén a con tinuación a Sra. María Amalia Díaz Rodríguez : A pista de Hedreiros ata a Barqueria Vella que está anegada, convén arranxala.

Resposta o Sr. Alcalde, Benigno Galego Castro: Esta avisada a pala pero estos días non se podía acceder alí.

Pregunta a Sra. María Amalia Díaz Rodríguez: A pista de Barbas, pasa por diante das casas e hai penas de punta, ¿Está no POS adicional?

O Sr. Alcalde, Benigno Galego Castro dí : Esta adxudicada pero non sei se esta contratada, miramos.

A Sra. María Amalia Díaz Rodríguez pregunta : ¿Esa que estaba con Regueiro Longo en que punto está?

Resposta o Sr. Alcalde, Benigno Galego Castro: Debe estar para asinar o contrato.

A Sra. María Amalia Díaz Rodríguez manifesta : Vai acabar a lexislatura e aínda estamos a elo.

Resposta o Sr. Alcalde, Benigno Galego Castro: Que se acabe a lexislatura non quere dicir que se faga borrón e conta nova. Aquí creo que hai problemas coa empresa.

A Sra. María Amalia Díaz Rodríguez dí : Incluso me da vergoña allea porque nese tramo de pista hai novos propietarios e terán que saír con moito coidado porque están as pedras verticais.

Seguidamente pregunta a Sr^a. María Amalia Díaz Rodríguez : O presuposto do Xeoparque para 2023 ¿eses 453.000 euros van repercutir en cerdido? ¿Algunha ruta? ¿Algo que me poidades explicar?

O Sr. Alcalde, Benigno Galego Castro resposta : De momento non. Está proxectado un mural na fachada do colexio e posta en valor dos puntos de interese e sinalización pero tamén hai un plan de 1.000.000 euros que nos deron que aínda está por concretar, pero sí nos vai afectar en Cerdido.

A Sra. María Amalia Díaz Rodríguez : Entón vamos ter un mural.

Resposta o Sr. Alcalde, Benigno Galego Castro: E posta en valor dos puntos de interese, sinalización e falta por concretar o plan de turismo.

Intervén a Sra. María Amalia Díaz Rodríguez: Esa subvención a concellos de menos de 10.000 habitantes que ten relación con accesibilidade e sinalización de recursos turísticos, tamén se podería pedir, paréceme interesante.

Resposta o Sr. Cándido Eusebio Preto Lago: Xa se pediu máis anos.

O Sr. Alcalde, Benigno Galego Castro expón : O que temos que ter coidado é que esas subvencións non son ao 100 por 100, temos que facer un compromiso de aceptación.

A Sra. María Amalia Díaz Rodríguez manifesta : Diferentes zonas se poderían sinalizar como o Pozo da Saíña.

O Sr. Alcalde, Benigno Galego Castro resposta : Esa que comentas do Pozo da Saiña non é viable porque hai que pedir autorización a Augas de Galicia e cando teñamos que xustificar aínda non nos contestaron, todo o que sexa con informes sectoriais non vale para estas subvencións.

Pregunta a Sra. María Amalia Díaz Rodríguez: ¿E as sinalizacións tamén poderían ir ahí?

O Sr. Alcalde, Benigno Galego Castro: Todo iso se pode facer pero estamos esperando polo Xeoparque para unificar e que nos permitan sinalizar o territorio.

Intervén o Sr. Alberto Javier Rey Paz: Tamén queremos saber ¿como vai o tema da fibra óptica?

Resposta o Sr. Alcalde, Benigno Galego Castro: A fibra óptica en algún lugar xa a puxeron e están a espera de autorizacións sectoriais en outros lugares.

O Sr. Alberto Javier Rey Paz pregunta : ¿Van chegar a todos os sitios onde exista tendido telefónico, onde hai un poste?

Resposta o Sr. Alcalde, Benigno Galego Castro: E se non o hai poñelo, aos núcleos e as casas illadas tamén deberían poñerlles.

A Sra. María Amalia Díaz Rodríguez dí : Sin embargo no Concello de Cerdido non hai ningunha petición para conectar a fibra cas casas particulares. ¿A xente non está informada?

Alcalde: Quen os vai informar é a compañía.

E non habendo máis rogos e preguntas, pola presidencia sendo as 21 horas e 38 minutos, levántase a sesión.

Documento asinado electrónicamente